

Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Fundación Monte do Gozo para mellorar a capacitación e reinserción dos mozos e mozas na actividade agraria

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director da Agacal, **DECLARA:**

Que esta axencia ten previsto formalizar coa Fundación Monte do Gozo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia dende o 1 de xaneiro de 2018 ata o 30 de novembro do mesmo ano.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular as condicións de cooperación entre a Consellería do Medio Rural e a Fundación Monte do Gozo co fin de atinxir unha mellor capacitación dos mozos e mozas para fomentar a súa reinserción na actividade agrícola, en particular proporcionándolle unha formación agrícola específica e especialmente deseñada para este colectivo, mellorando a xestión e control técnico-administrativo nos campos de ensaio e demostración de hortofloricultura e outras actividades alternativas do sector agroforestal

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Entre as funcións da Consellería do Medio Rural, cabe destacar a programación e coordinación da formación agraria, así como, o fomento de accións que faciliten a transferencia e aplicación das novas tecnoloxías agrarias no sector para a súa mellora e modernización.

As producións hortícolas e outras alternativas agrarias están alcanzando altos niveis agronómicos, debido ás boas condicións climáticas e edafolóxicas de Galicia. Este bo comportamento da produción hortícola e florícola pode converterse en elemento básico para fixar poboación e emprego no medio rural.

A Fundación Monte do Gozo ten como obxectivo básico a atención á mocidade marxinada, promovendo para isto o desenvolvemento de toda clase de actividades que contribúan á mellor defensa e protección dos beneficiarios dela. En consecuencia, a Fundación Monte do Gozo está interesada en formar os mozos e mozas beneficiarios en materias vinculadas á actividade agraria e de silvicultura, en especial, naquelas que, a súa potencialidade supoña unha alternativa con proxección cara ao emprego rural.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela,

